

Proxecto LIFE09 NAT ES 000514 Margal Ulla

Recuperación das poboacións de *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pyrenaicus* na bacía do río Ulla. (Galicia)



G. Montoto



A. Gil



= ríos vivos

Coidamos do noso futuro

A náide *Margaritifera margaritifera*

A náide ou mexillón de río: é un molusco bivalvo semellante na forma a un mexillón ou a unha grande ameixa de mar. Vive en ríos de augas limpas, frías e osixenadas, os individuos atópanse semisoterrados e apiñados ao longo do leito fluvial. As colonias dan estabilidade ao substrato e manteñen limpa e osixenada a auga, creando condicións axeitadas para diferentes comunidades de invertebrados, que á súa vez serven como alimento aos peixes.

A toupa de río *Galemys pyrenaicus*

A toupa de río: é un pequeno mamífero semiacuático inconfundible polo seu aspecto. Trátase dun endemismo ibérico que habita nas ribeiras de ríos e regatos con características de curso alto e que posúe hábitos nocturnos. É un excelente mergullador que se alimenta de pequenos invertebrados que atopa no leito do río.

Margal Ulla é un proxecto cofinanciado polo programa life+ da Unión Europea que ten como obxectivo mellorar a calidade ambiental do ecosistema fluvial da bacía do Ulla e crear as condicións para a recuperación de dúas das súas especies máis ameazadas: a náide -*Margaritifera margaritifera*- e a toupa de río -*Galemys pyrenaicus*-. Con esta finalidade o proxecto inclúe un programa de actuacións dirixidas a promover un menor impacto da actividade humana nesta bacía, contribuíndo a súa sustentabilidade.

Ambas as especies están moi vinculadas á calidade do noso medio natural, xa que son indicadoras do bo estado do río e actúan como especies paraugas: a súa conservación beneficia a outras moitas especies ligadas ao medio fluvial, incluíndo as de interese piscícola e, en definitiva, ao mesmo río e á auga da que depende o noso futuro. Os nosos ríos son uns dos seus últimos refuxios, polo que temos sobre elas unha gran responsabilidade en termos de conservación.

Ambas as especies atópanse protexidas por figuras internacionais como a Directiva Hábitat 92/43/CEE ou o libro vermello da IUCN, e a nivel autonómico están recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril).

Data de comezo: 01/10/2010

Data de fin: 31/08/2015

Presuposto total: 3.666.981 €

Financiamento da UE: 1.821.604 €

Na bacía do río Ulla atópanse varios Lugares de Interese Comunitario (LIC) da Rede Natura 2000, que van ser ampliados como apoio aos obxectivos deste proxecto.



ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PROXECTO LIFE MARGAL ULLA

Sobre o medio

1. Mellora da conectividade dos distintos núcleos poboacionais das especies, a través de medidas para recuperar a hidromorfloxía en certos sectores do río afectados por presas.
2. Adecuación de zonas de cría de *Margaritifera margaritifera* a través do aproveitamento de construcións tradicionais (canles de muiños) e zonas naturais.
3. Inventario detallado e caracterización dos focos de contaminación por partículas en suspensión, xurros, augas residuais domésticas e residuos sólidos, así como das zonas de ribeira degradadas.
4. Restauración de marxes e bosque de ribeira.
5. Seguimento da calidade do medio.
6. Implantación de boas prácticas agrarias enfocadas á mellora da calidade do hábitat fluvial.
7. Establecemento de directrices para a xestión dos ríos da bacía.

Sobre as especies

1. Inventario detallado e caracterización das poboacións de ambas as especies na bacía.
2. Estudo e coñecemento do uso do espazo e recuperación da conectividade dos núcleos poboacionais do *Galemys Pyrenaicus* na bacía.
3. Definición das unidades de xestión e selección de reprodutores para un plan piloto de cultivo de *Margaritifera margaritifera*.
4. Reforzamento das poboacións de *Margaritifera margaritifera* e reintrodución nos tramos da bacía nos que desapareceu.

Na Estación Ictiolóxica de Ximonde desenvolverase o cultivo de *Margaritifera margaritifera* baixo condicións controladas. Para completar o seu curioso ciclo vital utilizaranse salmóns e troitas, que xogan un papel vital na dispersión da especie.

<http://margalulla.xunta.es>

Entidades participantes

Life + é o instrumento financeiro a través do cal a Unión Europea financia proxectos medioambientais

